

a maiores

Programa de animación e desenvolvemento comunitario co colectivo de persoas maiores



PROGRAMA DE ACTIVIDADES
terceira idade
abril-maio-xuño
2024



Concello de Vedra
Servizos Sociais




Día das Letras
Galegas 2024

Luísa Villalta



En galego...

hai  Vedra



● ● ● sabías que...



Este ano 2024 será o Ano **Luísa Villalta**. O 17 de maio a Real Academia Galega honrará a nosa poeta. En certa medida, honrará tamén a xeración de autores e autoras que comezan a expresarse na década dos anos 90 do pasado século e nos primeiros anos do século actual. Unha xeración nova, ilusionada, entusiasta, aberta ao mundo. Unha xeración sen complexos que xorde coa ambición de construír unha nova realidade, un novo tempo. Luísa representa ese impulso creativo, unha curiosidade intelectual e artística que a leva a ensaiar diversas formas de expresión, diferentes xéneros, nos que salienta moi especialmente (aínda que non exclusivamente) a poesía. Neste caso, encarna moi ben a xeración poética da transición entre séculos na que, por certo, tiveron especial protagonismo as mulleres.

O seu falecemento prematuro (46 anos) deixou un baleiro importante. Estaba no seu mellor momento. Mágoa que a morte a levase tan cedo.

A música foi, dende os primeiros anos, unha das súas vocacións máis motivadoras (e declaradas), seguramente tamén unha das máis esixentes. Música e poesía. Nos seus ensaios afonda con lucidez nesta relación, que se concibe como un diálogo creativo: a música como camiño de exploración e coñecemento, igual que a palabra poética. Outra pulsión que aparece de xeito explícito na súa obra é a cidade da Coruña, territorio da infancia e a adolescencia, espazo vital e emocional, universo autónomo, nalgúns momentos case máxico, que a autora aborda con orixinalidade e autenticidade. Na literatura dramática estreouse moi cedo da man da Escola Dramática Galega e o seu amigo Francisco Pillado Mayor, con textos que no seu momento causaron especial interese pola novidade do estilo e a temática escollida.

Entre as distintas maneiras de concibir a creación artística, Luísa Villalta sitúase sempre na emoción e na ambición expresiva: poética sen concesións, que propón unha lectura esixente, ao tempo que ofrece rexistros renovados e estimulantes. A creación non circula por vieiros facilmente transitados, mais busca fórmulas que nos sorprenden e nos interpelan, que nos desafían, e converten o lector/lectora en partícipes activos.

Víctor F. Freixanes

Presidente da Real Academia Galega

sabías que...

POEMAS... LUISA VILLALTA

O ceo cobrou unha cor que facía pensar.
Era a hora en que as botellas se rompen para dar paso ás
profundidades.

Atrás quedaban as cores álxidas, mortas de sono. O calor
enfriaba-se no bisturí do horizonte.

Os nenos, de cóbados na xanela, enfrontaban a historia
inconscientes, nun palpebreiro tan veloz como a infancia.

Pero aínda hai un cambio posíbel que se reserva no
bolso, un remanente da derrota, para mirar arredor.
Non nos estábamos separando, por iso nos recoñecemos.

Fitabamo-nos na cita imprevista, sen saber quen nos
chamou ao fío da noite.

Ruído (Espiral Maior, 1995).



Luisa Villalta



recuncho da memoria



Centro Sociocultural da Terceira Idade de Vedra



* Horario do Centro:

De luns a venres de 17:00 h. a 21:00 h. Servizo de cafetería

Servizo de estimulación terapéutica para persoas con Alzheimer e outras demencias:

- - - -de luns a venres de 9:30 a 13:30 h.



CURSOS



Ximnasia de maiores:

- - - -os luns e mércores de 18:15 a 19:15 h. e de 19:15 a 20:15 h.

Obradoiro de traballo corporal:

- - - -os martes de 18:00 a 19:00 e de 19:00 a 20:00 h.

Obradoiro de memoria:

- - - -os xoves de 17:00 a 18:30 h. e de 18:30 a 20:00 h.

Canto-Coral:

- - - -os venres de 19:30 a 21:00 h.

Estes cursos teñen un custe de matrícula de 20 € (de outubro a xuño)

Laborterapia (Nas Máns da Avoa; Gratuíto):

- - - -os martes de 17:00 a 19:00 h.

Bailoterapia: 20 €/trimestre, dende abril a xuño

- - - -os xoves de 18:45 a 19:45 h.

Hipopresivos: 20 €/trimestre, dende abril a xuño

- - - -os venres de 18:00 a 19:00 h.

MÁIS INFORMACIÓN
NO CENTRO SOCIAL
OU NO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS

cursos—o centro



● ● ● abril



Liga de Escoba

Información e inscricións na cafetería do Centro Social entre o 3 e o 12 de abril.

Bingo

- - - -Xoves 4 de abril ás 20:00 h.

Charla: “O Alzheimer e outras demencias”

- - - -Xoves 25 de abril ás 19:30 h.

Imparte: Héctor Ulises, psicólogo de AGADEA

Circuito termal nas Termas de Outariz

- - - -Luns 29 de abril.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso.

(O prazo de inscrición ábrese o 16 de abril ás 17:00 h. no Centro Social.

As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición).

Exposición fotográfica “A Camelia en Vedra”

- - - -Abril e maio.

actividades



● ● ● maio

Bingo

- - - -Xoves 9 de maio ás 20:00 h.

XXXI Romaría da Terceira Idade de Vedra

- - - -Sábado 11 de maio ás 12:30 h. no entorno do Centro Sociocultural da Terceira Idade de Vedra.

Programa: Misa, actuación musical e xantar de confraternidade.

Menú tradicional: empanada, pulpo, carne ó caldeiro, postre, bebidas...

Poderán asistir todas as persoas que poidan valerse por si mesmas que estean empadroadas no Concello e cumpran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

O cónxuxe do/a pensionista pode participar aínda que non reúna o requisito de idade, sempre que veña acompañado/a polo/a pensionista.

Para asistir á romaría é preciso retirar un ticket que ten un custe de 20 €/ participante. Para a retirada de tickets deben dirixirse ao Centro Social, de luns a venres, de 17:00 a 21:00 h. O prazo estará aberto do 22 de abril ao 7 de maio.

Circuíto Termal nas Termas de Outariz e visita

- - - -Mércores 15 de maio.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e visita.

(O prazo de inscrición ábrese o 2 de maio ás 17:00 h. no Centro Social.

As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición).

Festival das Letras Galegas

- - - -Domingo 19 de maio ás 19:00 h.

Coral Polifónica de Santiso

Coro "Os de Sempre" das asociacións Alfaia e Traxe Galego

Coral da Terceira Idade de Vedra



actividades



● ● ● xuño



Excursión ás terras de Mos / O Porriño

- - - - -**Mércores 5 de xuño.**

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, visitas e comida) -prazas limitadas-

(O prazo de inscrición ábrese o 20 de maio ás 17:00 h. no Centro Social.

As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición).

Bingo especial de verán

- - - - -**Xoves 6 de xuño ás 21:00 h.**

Baile-Sardiñada de San Xoán

- - - - -**Sábado 15 de xuño ás 20:00 h.**

Haberá música, festa e sardiñada!! Para asistir á sardiñada é preciso retirar un ticket que ten un custo de 10 €/participante (Menú: sardiñas, churrasco e postre).

Para a retirada de tickets dirixirse ao Centro Social entre o 3 e o 12 de xuño.

Clausura-fin de curso actividades

- - - - -**Xoves 27 de xuño ás 20:00 h.**

(As persoas interesadas en participar na clausura de fin de curso, deberán anotarse na cafetería do Centro Social ata o 25 de xuño)



actividades



Concello de Vedra
Servizos Sociais



XUNTA
DE GALICIA

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS:

Departamento de Servizos Sociais

Tfno: 981 814693

Centro Sociocultural da Terceira Idade

Tfno: 981 502024